



ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

NEGREIRA

Anuncio bases PEL-Concellos 2026

Aprobación de bases para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos da provincia (PEL CONCELLOS 2026) para a execución de obras e servizos mínimos municipais do Concello de Negreira.

Procedemento: Convocatoria e Proceso de Selección por Concurso-Oposición (Persoal Laboral temporal).

ANUNCIO

Por resolución de Alcaldía núm. /2026 de data 20-03-2026 aprobáronse as bases para a contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais dos concellos (PEL CONCELLOS 2026), para o posto de 4 ALBANEIS, como persoal laboral temporal, mediante o sistema de concurso-oposición, así como a súa convocatoria, abríndose o prazo de presentación de solicitudes que será de 10 días naturais, contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

Asunto: APROBACIÓN DAS BASES DE SELECCIÓN PARA A CONTRATACIÓN DE PERSOAL LABORAL TEMPORAL PARA A PRESTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS, FINANCIADOS POLA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA A TRAVÉS DOS PROGRAMAS DE PEL- CONCELLOS 2026 INCLÚIDOS NO PLAN DE EMPREGO LOCAL.

1. OBXETO DA CONVOCATORIA

A Deputación Provincial de Coruña, por medio da Resolución da Presidencia aprobou as bases reguladoras de Programas de axudas a contratación de persoal laboral temporal para a execución de obras e servizos básicos municipais dos concellos da provincia (PEL- CONCELLOS 2026 incluídos na liña1.1 do Plan de emprego local. Publicados no BOP nº197 do mércores 15 de outubro de 2025.

O antedito programa elaborouse no marco previsto no artigo 36.1.b) e d) en relación co disposto nos artigos 25 e 26 da Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local. Está integrado no Plan de Emprego Local da Deputación da Coruña, cuxo obxecto principal é contribuír á xeración de emprego e actividade económica, á fixación da poboación nos concellos e o crecemento sostible dos mesmos. Neste marco, e conforme se establece na base específica 3. “ O obxecto do Programa é fomentar o emprego nos concellos mediante a contratación de persoal en risco de exclusión para a prestación de servizos mínimos municipais básicos ea execución de pequenas obras de reparación e mantemento relacionados cos devanditos servizos.

Polo tanto, tal e como se establece no apartado 4 das bases reguladoras do programa PEL – CONCELLOS 2026. “O importe de achega da Deputación Provincial destinarase a financiar os custos salariais e de seguridade social, os derivados das indemnizacións do fin de contrato e os correspondentes os cursos de formación en materia de prevención de riscos laborais que deban realizar as persoas contratadas segundo a lexislación laboral vixente,durante o período de contratación.

O Concello de Negreira, solicitou subvención para contratar traballadores para desenvolver no municipio o proxecto de “Programa de Integración Laboral do Concello de Negreira 2026” que ten por obxecto realizar distintas actuacións, consistentes nun conxunto de pequenas obras ou servizos relacionados coa utilidade colectiva e que posibilitarán a conservación, o acondicionamento e a mellora e posta en valor de diversas áreas ou espazos públicos de titularidade municipal.

Tras publicación da concesión das axudas á contratación de persoal para a execución de obras e servizos municipais nos concellos da provincia da Coruña durante o exercicio 2026, procedese a publicar as bases do proceso de selección referido.

2. NÚMERO DE PRAZAS

É obxecto desta convocatoria a provisión, mediante o sistema de concurso - oposición, en réxime de contrato laboral temporal, de: 4 Albaneis, para o Concello de Negreira.

- CATRO (Albaneis – Oficiais de primeira e de segunda)

3. TIPO E DURACIÓN DO CONTRATO

A modalidade da contratación será de contrato laboral para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral, con código 405 ao ser a contratación a tempo completo, previsto no Real Decreto-Lei 32/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a reforma laboral, a garantía da estabilidade no emprego e a transformación do mercado de traballo, ademais da normativa especificada nas Bases específicas do Programa Pel-Concellos 2026.

A duración do contrato será de SETE (7) meses, e en todo caso ata como máximo o **31.12.2026**

As características dos postos son as seguintes:

- Nome do posto de traballo: Albanel (Oficial de primeira e segunda).
- Nº de postos de traballo a crear: CATRO (4).
- Modalidade do Contrato: Contrato para a mellora da ocupabilidade e a inserción laboral.
- Xornada: Parcial (85% xornada).
- Nivel de titulación mínimo esixido: Certificado de escolaridade ou equivalente.
- Grupo de cotización: 08
- Duración do contrato: 7 meses.
- Retribucións brutas mensuais: 1.216,35€/mes (incluída a parte proporcional paga extra).
- Funcións a desempeñar no posto de traballo:
 - Conservación, mellora e arranxos de parques públicos municipais.
 - Tratamento e recollida de residuos.
 - Limpeza e adacemento viario.
 - Traballos de pavimentación das vías públicas, e mellora nas plaquetas das beirarrúas, substitución das mesmas, etc...
 - Reforzo na brigada municipal xa que tan só existe un operario Albanel, oficial de primeira.
 - Labores de reforzo de muros, tabiques e estruturas.
 - Apoio na brigada á realización de labores de pintura, carpintería e fontanería.
 - Así mesmo tamén porán executar pequenas obras de reparación e mantemento relacionadas con ditos servizos.
 - Realización de limpeza de aldeas: Os pavimentos das aldeas, asfaltados, precisan dunha limpeza a fondo con extracción de plantas e da maleza a carón delas, reparacións sinxelas e limpeza de cunetas, en réxime de dispoñibilidade plena
 - Tarefas de reparación e mantemento. - Outras, relacionadas co posto, que lle sexan encomendadas

4. PUBLICIDADE.

A publicidade da convocatoria farase mediante anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, así como na web municipal www.concellodenegreira.es e no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Negreira (<https://sede.concellodenegreira.es/sxc/es/>) . Todos os anuncios sucesivos faranse no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello de Negreira.

5. REQUISITOS DOS ASPIRANTES.

REQUISITOS XERAIS:

a) Ter a nacionalidade española, ou ser nacional doutros Estados, conforme ao establecido nos artigos 56 y 57 do Estatuto Básico do Empregado Público. (Declaración xurada que acredite o nome e apelidos, o número de identidade, a data de nacemento ea nacionalidade)

b) Posuír a capacidade funcional para o desenvolvemento das tarefas. Informe médico actualizado no que se faga constar que o/a aspirante reúne as condicións físicas e psíquicas suficientes para a realización das tarefas do posto referido, ademais de non padecer enfermidade física ou psíquica que impida o normal desenvolvemento das funcións propias do posto, este requisito é obrigatorio presentalo no momento da solicitude coa instancia, de non poder presentalo no momento da solicitude, o aspirante terá que presentalo antes de ser contratado definitivamente polo Concello.

c) Ter cumpridos **dezaseis** anos de idade e non exceder, de ser o caso da idade máxima de xubilación forzosa.

d) Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas. (Anexo I)

e) Demanda de emprego actualizada ou autorización asinada para comprobación de datos polo servizo de emprego do Concello de Negreira, tal e como refire o (Anexo I) das presentes bases.

f) As persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego na data de inicio do proceso selectivo, e atoparse obrigatoriamente nalgunha das seguintes situacións de exclusión laboral, segundo se recolle no apartado 2.- Bases específicas do Programa PeI-Concellos 2026, Base 4.- Destinatarios/as e requisitos, 4.2.-Requisitos do persoal a contratar das bases reguladoras do programa de integración laboral mediante a execución de obras e servizos mínimos municipais dos concellos da provincia, anualidade 2025, publicadas no BOP núm. 197, do 15.10.2025:

- 1 Mulleres, ao ter o diferencial de índice de desemprego rexistrado sensiblemente superior ao dos homes. (Declaración xurada que acredite o nome e apelidos, o número de identidade, a data de nacemento ea nacionalidade)
- 2 Maiores de 45 anos. (Declaración xurada que acredite o nome e apelidos, o número de identidade, a data de nacemento ea nacionalidade)
- 3 Persoas desempregadas de longa duración. Aos efectos deste programa terán esta consideración aquelas persoas que leven un mínimo dun ano inscritos como demandantes de emprego nos servizos públicos de emprego. (Achegarase informe de vida laboral actualizado)
- 4 Persoas con discapacidade: aquelas persoas que teñan recoñecida, pola administración competente, unha discapacidade nun grao igual ou superior ao 33%. (Deberase achegar certificado de minusvalía que acredite esta circunstancia, expedido polo órgano competente xunto con un certificado médico que acredite que a súa minusvalía non lle impide realizar as funcións establecidas no posto)
- 5 Persoas en situación de drogodependencia: achegarase informe dos servizos sociais municipais.
- 6 Persoas que vivan nun fogar onde ninguén teña emprego: achegarase volante de empadramento e informe dos servizos sociais municipais e informe de vida laboral actualizado de todas as persoas que convivan no fogar en idade laboral.
- 7 Persoas con fogar monoparental: achegarase informe dos servizos sociais municipais e volante de empadramento.
- 8 Persoas con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais: achegarase informe dos servizos sociais municipais.
- 9 Persoas vítimas de violencia de xénero: achegarase informe de servizos sociais municipais.
- 10 Persoas sen fogar: achegarase informe dos servizos sociais municipais.

REQUISITOS ESPECÍFICOS:

- 1, Permiso de conducir tipo B.
- 2, Posuír a titulación esixida:

Certificado de escolaridade ou equivalente. No caso de titulacións obtidas no estranxeiro deberán posuír o documento que acredite fidedigna a súa homologación.

3, Estar en posesión do Celga 1 ou equivalente. De non acreditarse o coñecemento do galego por esta vía realizarase unha proba oral de galego, de carácter obrigatorio e eliminatorio, que se cualificará como apto ou non apto (art. 51 Lei emprego público de Galicia 2/2015, de 29 de abril) deberán solicitar a realización da proba de galego na instancia de solicitude.

Todas as persoas a contratar deberán estar en situación de desemprego, na data de inicio do proceso selectivo, circunstancia que se deberá acreditar no momento da solicitude e antes da súa contratación laboral.

4, Acreditación da experiencia profesional.

5, Acreditación de posuír programas de capacitación, formación e integración laboral organizados e financiados polas administracións públicas.

Todos os requisitos anteriores, tanto os requisitos xerais como os requisitos específicos deberán de posuírse e PRESENTARSE con referencia ao derradeiro día do prazo de presentación de solicitudes e gozar dos mesmos durante o proceso selectivo e na formalización do contrato.

No caso de que non se aporte algún dos requisitos establecidos como ESPECÍFICOS poderanse subsanar no prazo de emenda (3 días naturais) establecido tras a publicación do decreto de admitidos provisionais. No caso de non presentar no prazo aberto para a solicitude os requisitos xerais do programa, quedarán automaticamente excluídos do proceso, ó tratarse de requisitos xerais de entrada.

6. PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES.

As persoas aspirantes que desexen tomar parte nas probas selectivas deberán facelo constar en instancia dirixida ao Sr. Alcalde, segundo o modelo que se prevé no (Anexo I), no rexistro de entrada do Concello de Negreira, ou mediante a sede electrónica do Concello. (www.concellodenegreira.es) ou por calquera das formas previstas no artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

As solicitudes que se presenten a través da oficina de correos deberán entregarse en sobre aberto para ser seladas e datadas polo funcionario de Correos antes de seren certificadas. Neste caso, unha vez presentada, deberá enviarse por correo electrónico: concello@concellodenegreira.es a solicitude debidamente selada antes do fin do prazo para a presentación de solicitudes.

O prazo de presentación de instancias será de **DEZ (10) DIAS NATURAIS**, contados dende o día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, e rematará ás **14:00** do último día hábil para a presentación das correspondentes solicitudes.

A solicitude deberá ir acompañada inexcusablemente pola copia de:

- Anexo I (Solicitude de participación no proceso selectivo).
- Mostrar o DNI ó funcionario/a que recolle a documentación. (A fotocopia do DNI non é preciso aportalo, basta cunha declaración xurada onde se declare o nome e apelidos, o número de identificación ea data de nacemento).
- Certificado médico, de non entregalo debido a causas externas (ausencia de médicos de atención primaria no centro de saúde) poderá entregalo antes da súa contratación.
- Acreditación de pertencer a algún dos colectivos do punto 5 e) das bases.
- Tarxeta de demandante de emprego actualizada.

De non presentar esta documentación a excepción do Informe médico, quedarán automaticamente excluídos do programa.

7. SISTEMA DE SELECCIÓN.

O sistema de selección será o de concurso - oposición. A fase de concurso non será eliminatoria e levarase a cabo despois da fase de oposición. A fase de oposición será obrigatoria e eliminatoria.

Só se valorarán os méritos que queden correctamente acreditados polas persoas aspirantes.

A) FASE DE OPOSICIÓN: de carácter obrigatorio e eliminatorio, previa a fase de concurso. Puntuación máxima: 12 puntos.

Os aspirantes serán convocados/as para as probas prácticas en chamada única e deberán presentarse co seu DNI. A non presentación ao exercicio comporta que decae automaticamente no seu dereito a participar nas probas prácticas e por conseguinte quedará excluído do proceso selectivo.

Os aspirantes que obteñan unha puntuación inferior a 6 puntos na fase de oposición serán eliminados automaticamente do proceso.

Os aspirantes que non se presenten á realización das probas na fase de oposición, quedarán eliminados automaticamente e polo tanto, non serán valorados na fase de concurso.

A fase de oposición, consistirá na realización de dúas probas prácticas:

1.- Realización unha proba práctica de manexo, manexo da maquinaria e ferramentas coas que se desenvolverá o traballo. — as aptitudes profesionais. — utilización das medidas de protección. — o tempo utilizado no desenvolvemento do traballo será de 15 minutos por cada aspirante. A puntuación máxima desta proba será de 6 puntos.

Realizarase unha actividade relacionada co posto de albañilería.

Esta proba valorase ata un máximo de 6 puntos, conforme á seguinte escala:

- Moi axeitado (6 puntos).
- Minimamente axeitado (3 puntos)
- Nada axeitado (0 puntos)

Os aspirantes deberán acudir á proba na hora e data do respectivo chamamento, sen posibilidade de aprazamento, calquera que fose a causa que lles impida acudir, salvo nos caos debidamente xustificadas que serán libremente apreciados polo tribunal. Os aspirantes deben acreditar a súa personalidade coa exhibición do DNI, pasaporte ou carné de conducir.

2.- Realización dunha proba práctica escrita para avaliar as aptitudes de cada un dos aspirantes, sobre o coñecemento de máquinas e ferramentas relacionadas coas funcións de limpeza, de albañilería, de roza ou de xardinería e coas tarefas

de reciclaxe de residuos, limpeza, etc.... A duración máxima desta proba será de 20 minutos. A puntuación máxima desta proba será de 6 puntos.

TEMARIO:

1. A Lei de prevención de riscos laborais. Equipos de protección persoal. Condicións de seguridade nos lugares de traballo, ferramentas e maquinaria. Primeiros auxilios en caso de accidente de traballo.
2. Coñecemento do entorno físico e xeográfico do Concello de Negreira.
3. Mantemento e conservación de vías públicas. Avarías frecuentes e reparación.
4. Maquinaria e ferramentas para obras de infraestruturas.
5. Nocións básicas de albanelería, xardinería e pintura. Ferramentas. Tipo de materiais.
- 6 Recollida. Tratamento. Limpeza de espazos públicos, parques e xardíns. Limpeza de mobiliario urbano. Técnicas de limpeza.
7. Coñecementos básicos de xardinería, mantemento de xardíns e conservación dos mesmos.

Celga 1: A proba de coñecemento da lingua galega estará dirixida á comprobación, por parte do tribunal, de que os/as aspirantes comprenden, falan e escriben correctamente o galego, someténdoo/as ás probas que consideren máis adecuadas para tal comprobación. Esta proba cualificarase como apto ou non apto. Estarán exentos de realizar este exercicio os aspirantes que acrediten posuír no día de finalización do prazo de presentación de solicitudes o Celga 1 ou equivalente, debidamente homologado polo órgano competente en materia de política lingüística da Xunta de Galicia, de acordo coa disposición adicional segunda da Orde do 16 de xullo de 2007, pola que se regulan os certificados oficiais acreditativos dos niveis de coñecemento da lingua galega, publicada no DOG no 146, do 30 de xullo de 2007

Dita proba de galego celebrarase o mesmo día que se faga a proba práctica. Só para aqueles aspirantes que non presenten a correspondente acreditación do celga 1 e que soliciten realizala no Anexo I (solicitude)

2º- FASE DE CONCURSO (Máx. 8 puntos)

A puntuación máxima nesta fase será de 5 puntos. Avaliaranse os seguintes méritos:

1. Experiencia profesional en traballos realizados relacionados co posto de traballo ofertado ao que se opta (puntuación máxima: 5,00 puntos):

- Por experiencia profesional acreditada en entidades locais /administracións públicas e empresas privadas/autónomos, ata un máximo de 5 puntos:

Polo desempeño do posto de traballo ofertado: Albanel (GC 08 ou superior), valorarase da seguinte forma:

- 0,30 puntos por mes completo de servizo, acreditarase mediante Informe vida laboral actualizado xunto cos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados. (Para entidades locais ou administracións públicas).

- 0,15 puntos por mes completo de servizo,acreditarase mediante Informe vida laboral actualizado xunto cos contratos de traballo ou certificados de empresa, ou alta de autónomos na actividade económica referida (Para empresas privadas ou autónomos).

Polo desempeño do posto de traballo inferior ó ofertado e na mesma familia profesional da Albañilería: Peón de Albanel (GC 10 ou GC 09), valorarase da seguinte forma:

- 0,10 puntos por mes completo de servizo, acreditarase mediante Informe vida laboral actualizado xunto cos contratos de traballo ou certificados de servizos prestados.(Para entidades locais ou administracións públicas).

- 0,05 puntos por mes completo de servizo,acreditarase mediante Informe vida laboral actualizado xunto cos contratos de traballo ou certificados de empresa, ou alta de autónomos na actividade económica referida (Para empresas privadas ou autónomos).

A puntuación máxima outorgable polo concepto "Experiencia profesional" será de 5 puntos.

Os traballadores como autónomos, deberán aportar a alta no imposto de actividades económicas na familia profesional de edificación e obra civil ou construción, e acompañada de informe de vida laboral. Os traballos no estranxeiro; deberán aportar a certificación oficial na que conste a profesión desempeñada e os períodos traballados.

A documentación acreditativa dos servizos realizados deberá achegarse antes do remate do prazo de presentación de solicitudes. A documentación que se presente fóra deste prazo non se terá en conta.

A experiencia laboral no Concello de Negreira poderá acreditarse polo propio concello previa petición da persoa aspirante.

2. Formación (puntuación máxima: 1 puntos):.

Valorarase como mérito, ter rematado favorablemente programas de capacitación, formación e integración no mundo laboral organizados e financiados polas administracións públicas.

Neste apartado, tan só se valorarán os certificados de profesionalidade obtidos mediante obradoiros de emprego, AFD ou Programas de Integración para o Emprego.

O Tribunal non poderá estimar o non alegado nin probado polos aspirantes. Non serán valorados seminarios, xornadas, encontros, ponencias ou análogos nin os documentos expedidos por academias privadas.

Tan só se valorarán os cursos rematados favorablemente, e dicir, aqueles que rematen co seu correspondente certificado de profesionalidade.

3. *Desempregado de larga duración (estar inscrito como demandante de emprego máis de un ano, como demandante de emprego en situación de desemprego): 2,00 puntos.*

O Plan de Emprego Local constitúe unha estratexia integrada de cooperación para o desenvolvemento sostible da provincia que ten como principal obxectivo fixar poboación nos concellos da provincia e contribuír a un crecemento sostible dos mesmos promovendo a creación de emprego estable e de calidade a nivel local e facilitando a empregabilidade das persoas en situación de desemprego, especialmente no ámbito rural.

A Deputación da Coruña, no desenvolvemento das súas competencias en materia de emprego pretende colaborar cos concellos na contratación de persoal en risco de exclusión para a execución de obras e servizos mínimos municipais imprescindibles de todos os concellos da provincia sen deixar ningún atrás.

Neste apartado, tan só se valorará as persoas que figuren inscritas como demandantes de emprego en situación de desemprego, para aqueles aspirantes que teñan máis de 1 ano inscritos na situación de desemprego, automaticamente se lles outorgarán os 2 puntos.

A puntuación total máxima do proceso será de 20 puntos, no caso de que dúas ou máis persoas candidatas acaden a mesma puntuación total ou final, procederase a DESEMPATAR na seguinte orde:

1º. Maior antigüidade en situación de desemprego

2º. A maior puntuación obtida na parte de experiencia profesional.

3º. Preferencia de persoas que non perciban ningún tipo de prestación/subsidio por desemprego.

8º.- DESENVOLVEMENTO E CUALIFICACIÓN DAS PROBAS SELECTIVAS.

- Expirado o prazo de presentación de solicitudes, o alcalde ditará resolución declarando aprobada a listaxe provisional de admitidos e excluído, con indicación das causas de exclusión, que se fará pública no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello. Tan só quedarán excluídos provisionalmente aqueles candidatos que non presenten os requisitos establecidos como específicos.

- Os/as aspirantes excluídos/as provisionalmente disporán dun prazo de TRES (3) días naturais, contados a partir do día seguinte ó da súa publicación, para a presentación de reclamacións e emendar os defecto/s que motivaron a súa exclusión. Os aspirantes que non presenten nos 10 días naturais os requisitos establecidos como **xerais** non poderán emendarse, xa que son requisitos xerais para acceder ó proceso selectivo.

- Unha vez transcorrido o prazo de reclamacións e resoltas as alegacións presentadas, por medio de Resolución da Alcaldía aprobarase a lista definitiva de candidatos admitidos e excluídos, que se publicará no taboleiro de anuncios da sede electrónica do Concello e no taboeiro da casa consistorial, así como na web www.concellodenegreira.gal. Fixarase tamén na listaxe de admitidos/as excluídos definitivos a data, hora e lugar na que celebrará as probas da fase de oposición, así como o Tribunal Cualificador do proceso.

- A fase de oposición será celebrada antes da valoración de méritos, todos aqueles candidatos que non se presentan á devandita proba quedarán automaticamente eliminados do proceso, a menos que presente causa debidamente xustificada, en este caso o Tribunal acordará realizarlle a proba na maior brevidade posible.

- Todos aqueles aspirantes que non acrediten coñecemento do idioma galego, terán que facer unha proba para comprobar a súa aptitude. Esta proba realizarase o mesmo día da proba escrita e terá carácter eliminatorio. Para poder participar na mesma deberán solicitalo no momento de cubrir a instancia de solicitude.

- As persoas aspirantes concorrerán provistas do seu DNI, documento fidedigno acreditativo da súa identidade, a xuízo do tribunal, e tamén dos medios materiais adecuados que sexan necesarios para a práctica daqueles. Serán convocados en chamamento único, quedando excluídos do proceso selectivo os que non comparezan, agás nos casos de forza maior debidamente xustificadas e apreciadas libremente polo tribunal.

– Os anuncios de celebración das sucesivas probas ou exercicios, con indicación do lugar e hora en que tivesen lugar, exporáranse na sede electrónica do Concello de Negreira (<https://sede.concellodenegreira.es/sxc/es/>)

Tras a celebración da fase de oposición, procederá a valoración dos méritos alegados, unha vez baremada esta documentación publicaranse provisionalmente os resultados totais obtidos polos mesmos, e estableceranse TRES (3) DÍAS NATURAIS a contar a partir do día seguinte da publicación no taboeiro de anuncios da sede electrónica do concello, (<https://sede.concellodenegreira.es/sxc/es/>) para presentar calquera alegación, ou reclamación as puntuacións acadadas.

Unha vez rematado o proceso publicarase o decreto de nomeamento na sede electrónica do Concello de Negreira, e a listaxe de candidatos que formarán parte das listas de reserva no caso de existir baixas na contratación designada.

9.- PRESENTACIÓN DA DOCUMENTACIÓN.

1. As persoas aspirantes propostas para o posto, presentarán no Rexistro xeral do Concello de Negreira, no prazo de 2 días hábiles contados a partir da publicación do decreto no que figura a proposta de contratación, que non poderá superar o número de postos convocados, e no Taboleiro de anuncios do Concello e na sede electrónica do Concello de Negreira, os seguintes documentos: Certificado da conta bancaria que recolla o código IBAN de conta bancaria ea copia da cartilla da Seguridade Social (tarxeta sanitaria)

No caso de baixa ou renuncia da persoa nomeada, o Concello poderá substituíla polos/as seguintes candidatos/as da lista segundo a orde de puntuación que figure na acta de selección asinada polos membros do Tribunal, tendo en conta o prazo máximo da contratación que será o fixado no contrato laboral temporal correspondente, realizado ao abeiro da subvención.

10º. COMPOSICIÓN DO TRIBUNAL.

Estará formado por un presidente e un secretario e por tres vogais designados pola Alcaldía. Todos os membros do tribunal deberán posuír nivel de titulación igual ou superior á esixida para o acceso ás prazas convocadas. O tribunal estará composto polos seguintes membros/as:

- Presidente/a: Un/ha empregado/a público a designar pola Alcaldía
- Vogais: Tres empregados/as públicos a designar pola Alcaldía
- Secretario/a: Un empregado/a público a designar pola Alcaldía

Os/as membros do tribunal deberán absterse de intervir, notificándollo ao órgano que os designe, cando concorran neles circunstancias das previstas no artigo 23 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, así como cando realizasen tarefas de preparación de aspirantes a probas selectivas de acceso nos cinco anos inmediatamente anteriores á publicación desta convocatoria, consonte o disposto no artigo 13.2º do Real decreto 36.4/1995, do 10 de marzo, do regulamento xeral de ingreso.

Este tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia de máis da metade dos seus membros, titulares ou suplentes indistintamente, sendo sempre necesaria a presenza do presidente e do secretario. Este tribunal, por medio do seu Presidente, poderá dispoñer da incorporación ó mesmo de técnicos cualificados para colaborar nas tarefas de puntuación, baixo a dirección do tribunal, actuando con voz pero sen voto.

Este tribunal será nomeado e constituído no decreto de nomeamento de aspirantes provisionais.

11º . FORMALIZACIÓN DO CONTRATO.

Os contratos formalizaranse por escrito cos aspirantes seleccionados. Mentres non se formalicen os contratos, os aspirantes propostos non terán dereito a percepción de cantidade económica algunha.

12º.- PERÍODO DE PROBA

1.- O persoal contratado quedará sometido a un período de proba de 15 días, conforme ó artigo 14 do Estatuto de Traballadores, agás cando o traballador/a xa tivera desempeñado as mesmas funcións con anterioridade neste concello baixo calquera modalidade de contratación. Este período de proba non se considerará interrompido polas situacións de incapacidade temporal, maternidade, e adopción ou acollemento, que poidan afectar ao traballador/a.

2.-Transcorrido este período de proba se a persoa da que se trate o superase satisfactoriamente, adquirirá plena eficacia o contrato suscrito.

13º . INTERPRETACIÓN.

A presente convocatoria e todos os actos administrativos que dela se deriven estarán suxeitos á Lei 39/2015 do 1 de outubro do Procedemento administrativo común das administracións públicas e en todo ó referente á contratación estarase ao disposto na lexislación laboral vixente.

14º.- INCIDENCIAS.-

1.- As presentes bases e cantos actos administrativos se deriven delas, e da actuación do Tribunal, poderán ser impugnadas polos interesados ante o órgano da xurisdición contencioso administrativa competente, conforme á Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de 2 meses, contados dende o día seguinte da última publicación destas. Así mesmo, poderá presentarse o recurso potestativo de reposición ante o Sr. Alcalde-Presidente, no prazo dun mes a contar dende a mencionada publicación, ou calquera outro recurso que se considere procedente, conforme ao establecido na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

2.- Para o non previsto nestas bases, será de aplicación:

- Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas urxentes para a redución da temporalidade no emprego público.
- Real Decreto Legislativo 2/2015, de 23 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores.
- Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego Público de Galicia.
- Lei 39/2015, de 1 de outubro, de Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
- Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico de Empregado Público.

PLAN DE INTEGRACIÓN LABORAL DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA_ 2026**ANEXO I: SOLICITUDE**

NOME E APELIDOS: _____

DNI: _____

TELÉFONO DE CONTACTO /TELÉFONO MÓBIL: _____

ENDEREZO: _____

EXPÓN E SOLICITA:

Que desexa participar no procedemento de selección para a contratación de: CATRO ALBANEIS para a brigada de obras e servizos municipais, como persoal laboral para a realización de obras e servizos municipais do Concello de Negreira ao abeiro do programa PEL CONCELLOS 2026 da Deputación Provincial da Coruña.

Que na data de remate do prazo de presentación de solicitudes cumpro todos e cada un dos requisitos esixidos nas bases e que documentalmente se aportará, comprometéndose a prestar xuramento ou promesa.

Que autorizo ó Concello de Negreira para a publicación os meus datos persoais e das posibles causas de exclusión, no taboleiro de anuncios do concello e na sede electrónica municipal, ao ser a publicidade un dos principios legais que debe observarse nos procedementos de selección.

Aportase a seguinte documentación (marcar cunha X):

Declaración Xurada da Identidade (Nome e Apelidos, número de identidade, e data de nacemento).

Fotocopia do título de Celga 1.

Fotocopia da tarxeta de demandante de emprego, ou autorización para a súa consulta.

Documentación acreditativa dos méritos. (experiencia profesional e capacitación)

Informe Médico actualizado.

Documentación acreditativa de cumprir con algunha das situacións recollidas de seguido, risque a que corresponda (base 5. e): Risque Situación de exclusión laboral. Documentación a achegar:

- Mulleres, Persoas maiores de 45 anos: (Declaración xurada da identidade)
- Persoas desempregadas de longa duración (persoas que leven 1 ano inscritas como demandantes de emprego): Informe de vida laboral actualizado.
- Persoas con discapacidade: Certificado acreditativo da discapacidade igual ou superior ao 33%, expedido pola Administración competente vixente na data de publicación da convocatoria.
- Persoas en situación de drogodependencia, con problemas para atopar emprego polo idioma ou cuestións socioculturais; persoas con fogar no que ninguén teña emprego, monoparental ou sen fogar; vítimas de violencia de xénero: Informe dos servizos sociais municipais)

Solicita tomar parte na selección en réxime laboral temporal, segundo o establecido nas propias bases que rexerán nesta convocatoria. Así mesmo;

1. DECLARO BAIXO XURAMENTO:

- Non ter sido separado do servizo de ningunha administración pública en virtude de expediente disciplinario nin atoparse inhabilitado, por sentenza firme, para o exercicio de funcións públicas

2. AUTORIZO/NON AUTORIZO:

- AUTORIZO ó servizo local de emprego do Concello de Negreira, para que comprobe os datos da miña demanda de emprego no servizo publico de emprego galicia.
- NON AUTORIZO ó servizo local de emprego do Concello de Negreira.

3. SOLICITO A REALIZACIÓN DA PROBA DE GALEGO:

- Realización da Proba de Galego CELGA 1.

Negreira, de de 2026.

(SINATURA).

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Negreira, 20 de marzo de 2026

SR. ALCALDE DO CONCELLO DE NEGREIRA

Manuel Ángel Leis Míguez